

XOGO ESCORNAPIRATA

O noso Escornabot acaba de converterse nun barco pirata -o **EscornaPirata**- que surca os mares en busca de tesouros. Pero ollo!!! Temos unha dura competencia: non somos os únicos piratas do mar.

O obxectivo do **Xogo EscornaPirata** é ser o primeiro en chegar ao tesouro. É un xogo competitivo-colaborativo no que cada equipo conta cun **EscornaPirata** que ten que programar para que chegue ao **tesouro**.

AVISO: PON O ESCORNABOT EN MODO III

- O taboleiro representa o mar polo que navegan os nosos EscornaPiratas
- Colocamos os EscornaPiratas nas esquinas
- Tiramos o dado para colocar o tesouro
- Tiramos o dado para ver quen comeza poñendo Terras
- As Terras empréganse para bloquear celas e cada equipo coloca unha alternativamente ata poñelas todas
- NON podes bloquear completamente ao equipo contrincante: sempre ten que haber unha ruta para chegar o tesouro
- En canto se coloque a última terra sobre o taboleiro comezará a programación
- Tedes que anotar a secuencia en papel e **entregala** antes de darlle a “Go”
- Se a secuencia é incorrecta tendes que volver a facela (e anotala)
- Gaña o que chegue primeiro ao tesouro